

## Cada mañá

*Cada mañá saes ao balcón e outeas o horizonte por ver se volvo.*

*Cada mañá baixas saltando as escaleiras e botas ás presas polo campo cando me adiviñas de lonxe.*

*Cada mañá córtasme a palabra e abalánczaste sobre min e rodéasme cun abrazo redondo o corpo enteiro.*

*Cada mañá contratas a banda de músicos e organizas unha festa por min polo ancho mundo.*

*Cada mañá disme ao oído con voz de primavera: "Hoxe podes empezar de novo".*



**Acudirei ao Pai en busca de perdón.**

**Terei xestos de amor e agarimo durante a semana.**



**31-03-2019**

## **Domingo 4º. O fillo pródigo**



**Vai polo PERDÓN do Pai.**

**Devolverache un CORAZÓN vivo.**

# CORESMA 4º



- **XOSUÉ 5,9a.10-12:** *o pobo de Deus, tras entrar na terra prometida, celebra a Pascua.*
- **SALMO 33:** *Gustade e vede que bo é o Señor.*
- **1 CORINTIOS 5,17-21:** *Deus reconciliounos consigo por medio de Cristo.*
- **LUCAS 15,1-3.11-32:** *Este irmán teu estaba morto e reviviu.*

**Narrador:** Naquel tempo, adoitaban achegarse a Xesús todos os publicanos e pecadores a escoitalo. E os fariseos e os escribas murmuraban dicindo:

**Escribas:** -«Ese acolle aos pecadores e come con eles».

**Narrador:** Xesús díxolles esta parábola: «Un home tiña dous fillos; o menor deles díxolle a seu pai:

**Menor:** -“Pai, dáme a parte que me toca da fortuna”.

**Narrador:** O pai repartiulles os bens. Non moitos días despois, o fillo menor, xuntando todo o seu, **marchou** a un país afastado, e alí **malgastou a súa fortuna** vivindo perdidamente. Cando o gastou todo, veu por aquela terra unha fame terrible, e empezou el a pasar necesidade. Foi entón e contratouse cun dos cidadáns daquel país que o mandou aos seus campos a apacentar porcos. Desexaba saciarse coas landras que comían os porcos, pero ninguén lle daba nada. Recapitando entón, díxose:

**Menor:** -“Cantos xornaleiros do meu pai teñen abundancia de pan, mentres eu aquí morro de fame. Levantareime, poñereime en camiño onde está o meu pai, e direille: **Pai, pequei contra o ceo e contra ti; xa non merezo chamarme fillo teu: trátame como a un dos teus xornaleiros**».

**Narrador:** Levantouse e veu onda seu pai; cando aínda estaba lonxe, **seu pai viu** e conmovéronsele as entrañas; e saíu emocionado a recibilo, **botóuselle ao pescozo e cubriu de bicos**. O seu fillo díxolle:

**Menor:** -“Pai, pequei contra o ceo e contra ti; **xa non merezo chamarme fillo teu**”.

**Narrador:** Pero o pai díxolles aos seus criados:

**Pai:** -“Sacade enseguida a mellor **túnica** e vestídella; **poñédelle un anel** na man e **sandalias** nos pés; **traede o tenreiro cebado** e sacrificádeo; **comamos e celebremos un banquete**, porque este fillo meu estaba morto e reviviu; **estaba perdido e atopámolo**”.

**Narrador:** E empezaron a celebrar o banquete. O seu fillo maior estaba no campo. Cando ao volver se achegaba á casa, oíu a música e a danza, e chamando a un dos criados, preguntoulle que era aquilo. Este contestoulle:

**Servinte:** -“Volveu o teu irmán; e o teu pai sacrificou o tenreiro cebado, porque o **recobrou con saúde**”.

**Narrador:** El indignouse e non quería entrar, pero o seu pai saíu e intentaba persuadilo. Entón el respondeulle a seu pai:

**Maior:** -“Mira: **en tantos anos como che sirvo, sen desobedecer nunca unha orde túa, a min nunca me deches un cabrito para ter un banquete cos meus amigos; en cambio, cando veu ese fillo teu que se comeu os teus bens con malas mulleres, mátaslle o tenreiro cebado**”.

**Narrador:** O pai díxolle:

**Pai:** “Fillo, **ti estás sempre comigo, e todo o meu é teu; pero era preciso celebrar un banquete e alegrarse, porque este irmán teu estaba morto e reviviu; estaba perdido e atopámolo**”.

**Palabra do Señor.**

**(Narrador - Fillo Menor - Fillo Maior - Servinte - Pai)**



Dios nos ama  
con todo su  
**CORAZÓN**



Vai polo **PERDÓN** do Pai.  
Devolverache un **CORAZÓN** vivo.

## 1. VER: Tes bo corazón.

-**Hai persoas** que dicimos que “teñen bo corazón”. Non queremos dicir que teñen un corazón san, con boas pulsacións, sen enfermidades. Máis ben dicimos que son boas, que se fan querer por todos, que se preocupan polos outros.

*Encontras persoas así na túa familia, no cole, na rúa?*

## 2. XULGAR: Deus perdoa, enche de vida o teu corazón.

-No 4º domingo de Coresma, Xesús, cóntanos a parábola do PAI BONDADOSO. Recordemos algúns momentos dela, personaxes, actitudes: O fillo menor vaíse, afástase do Pai, ofende a súa confianza, coma se non existise. O pai sofre moito, espérao e cando o seu fillo volve dálle unha grande aperta, non lle rifa nin se enfada. Trátao como a un fillo (ponlle o anel, restablecendo a súa condición de fillo) e organízalle unha festa (está feliz)... O fillo maior é rancoroso.

### QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

-**Temos un Pai que é todo corazón**, é todo miseri-cor-dia. Que fai o pai? Dá a súa parte ao fillo, déixao ir, espérao, sae a buscalo, abrázao, perdóao, devólvelle a dignidade de fillo, fai festa... Un bo pai! *Ese Pai-Deus venos a nós afastarnos del, esquecelo, pecar, portarnos mal... E está esperando o noso regreso, que lle pidamos perdón...*

-**Nós parecémonos a ese fillo menor sen corazón, desagradecido:** pecamos, fallamos ao seu amor, rexeitamos o seu evanxeo, afastámonos del. *Se nos achegamos ao sacramento do perdón el devolveranos ese corazón vivo, bondadoso...*

-**Nós parecémonos a ese fillo maior sen corazón**, que non valoramos o seu amor, estar na súa casa, vivir como fillos, gozar do Pai. *Necesitamos curar o corazón, quere-lo de verdade, valorar o ser os seus fillos.*

-Necesitamos do perdón do Pai, levantarnos e ir a el no sacramento do perdón, recoñecendo o pecado xuntos, en comunidade. **EL DEVOLVERANOS UN CORAZÓN NOVO.**

**Como é o Pai? Dáste conta que el te ama con todo o corazón?  
Como lle correspondes?**

## 3. ACTUAR: Vai polo perdón do Pai.

-Preparádevos para a celebración do perdón de Coresma. Revisate. Pide perdón.

-Tratade de celebrar a Penitencia con moita festa, algo alegre, é o regreso a casa do Pai, é recuperala vida, o ser os seus fillos, volver ter corazón. Dícidelle: “*volverei á casa de meu Pai, direille pequei...*” E escoita o sacerdote: “*fillo os teus pecados sonche perdoados*”.

-Pensa en alguén con quen poidas ter un xesto de amor e agarimo durante a semana... Pode ser alguén próximo, demóstralle o teu amor. Vive con corazón, con bo corazón.

**Que vas facer? E no grupo?**